

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO 1995

A FUNDACIÓN NOVAS, recoñecida como entidade benéfico docente de interese galego e así registrada no Protectorado de Fundacións Galega da Xunta de Galicia, naceu da idea do seu fundador, D. José Novas Regueira, que decidiu crear unha fundación que, radicada na súa parroquia natal de Beluso, no concello pontevedrés de Bueu, tivera como un dos seus fins a concesión de becas e axudas a estudantes que estean a facer os seus estudos universitarios, e que ademais de ter un bo currículo académico, as súas familias teñan baixos ingresos económicos. Neste segundo ano de andadura, o Padroado que rixe esta entidade, volcou a súa actividade social no cumprimento dos fins establecidos nos seus estatutos actuando no eido do mundo educativo, coa aportación de becas e axudas para estudantes e centros de ensino do concello de Bueu (Pontevedra).

Os membros do Padroado desta entidade, integrado polo seu Presidente, D. Jesús Portela Medraño; o vicepresidente, D. Francisco León Álvarez; o tesoureiro, D. Manuel Novas Rey, e o segredoario, D. José Otero Baena, non sufríu ningunha transformación ao longo deste segundo ano de andadura, salvo a ausencia do seu Fundador, D. José Novas Regueira, que vive na cidade de Boca Ratón, no estado de Florida, nos Estados Unidos de Norteamérica, e que neste ano non viaxou a Galicia.

Como principal actividade social da FUNDACION NOVAS, o Padroado voltou a convocar na primavera deste pasado ano, por segunda vez, as axudas e becas para estudantes do Concello de Bueu. Tales convocatorias se fixeron ao traveso de anuncios nos medios de comunicación e nos taboleiros de anuncios dos colexios e institutos radicados neste concello.

Ao remate do curso escolar, o Padroado recibiu unha carta da Dirección do Instituto IESP "Johan Carballeira" na cal se incluía unha serie de nomes de estudantes que habían rematado o curso escolar de COU, cunha media global de Matrícula de Honra. O Padroado estudou esta proposta e decidiu non conceder novas becas, dada a situación económica pola que atravesa a Fundación, que aínda ten que xestionarse cos fondos en metálico aportados polo fundador. Neste senso, tamén se decidiu manter as axudas aos dous primeiros becados, Fátima Entenza Martínez e Juan José García de la Torre, á vista dos expedientes que presentan e dado que a situación económica familiar mantense igual. O Padroado

decide manter as dez axudas mensuais de dez mil pesetas para cada un deles.

Compre sinalar que no decurso deste ano, o Padroado da FUNDACION NOVAS tomou o acordo de conceder unha axuda económica de cincuenta mil pesetas ao Colexio Público de Beluso, co fin de colaborar na organización e patrocinio da Semana Cultural de San José, Esta axuda económica foi solicitada pola Dirección do centro escolar, dirixida ao Padroado. Esta colaboración económica con algúns dos centros escolares radicados no Concello de Bueu está contemplada no artigo número 4 dos nosos Estatutos.

Neste segundo ano de funcionamento da nosa entidade, compre sinalar que non se tomaron en conta ningunha das propostas de compra que se recibiron neste Padroado sobre as súas propiedades que ten a FUNDACION NOVAS, tanto en Beluso coma en Marbella (Málaga), por non acadar o importe desexado. O Padroado insiste en seguir anunciando mediante insercións en prensa, a venda destas propiedades, co gallo de conseguir, unha vez vendidas, os fondos suficientes para levar adiante os fins establecidos nos Estatutos fundacionais. Esta precariedade económica motiva a pouca actividade social que está a desenvolver nestes meses a nosa Fundación.

Beluso, 30 de xuño de 1996
D. Jesús Portela Medraño
Presidente do Padroado.